

# FUTURO ABERTO

**DEBATE  
REFLEXIÓN  
PARTICIPACIÓN**

PROCESO ASEMBLEAR COLECTIVO  
OUTONO 2020 - PRIMAVERA 2021



# FUTURO ABERTO

**DOCUMENTOS  
APROBADOS**

ASEMBLEA DO 5 DE XUÑO DE 2021



Entre o outono de 2020 e a primavera de 2021, Compostela Aberta realizou un debate e proceso participativo para analizar a situación política e social e prepararse para o futuro.

Para construírmos en común ese futuro aberto, fortalecer a organización e melloralala, nunha primeira fase realizouse unha recollida telemática de opinións e valoracións na que as persoas inscritas puideron realizar todas as achegas que consideraron oportunas. Posteriormente, a Coordinadora de Compostela Aberta elaborou dous documentos que se someteron a un proceso regrado de emendas para posteriormente ser debatidos en asemblea.

>>> O primeiro dos documentos, de carácter político-organizativo, procura responder diante dos obxectivos marcados no inicio do proceso asemblear:

- Avaliar a traxectoria de CA.
- Adoptar iniciativas que melloren o seu funcionamento interno.
- Reforzar as posibilidades de participación.
- Preparar CA para afrontar o novo marco político.

Este documento está dividido en tres partes diferenciadas partindo da tentativa de facer unha breve análise do acontecido desde o 2015 ata o 2020, para seguidamente, con base no presente, marcar a proposta política de futuro así como lanzar a proposta organizativa para os próximos anos.

O esquema a desenvolver no documento é o seguinte:

#### I - DA PRIMAVERA MUNICIPALISTA Á CRISE DO CORONAVIRUS

1. Da Praza do Obradoiro ao Pazo de Raxoi.
2. O goberno de Compostela Aberta.
3. O retroceso electoral.
4. Restauración, crise e reordenación.

#### II - O FUTURO É ABERTO

5. A Compostela que queremos máis.
6. A nosa proposta política.
7. Recomposición e impulso necesario.
8. Horizonte 2023.

#### III - CONSTRUÍR ALTERNATIVA

9. O espazo na encrucillada.
10. Coidar a organización.
11. Consolidar e ampliar as bases.
12. As fórmulas para os novos tempos.

As dúas primeiras partes teñen un carácter reflexivo, isto é, fan un diagnóstico que marca os posicionamentos políticos de Compostela Aberta. A terceira parte, ten unhas características máis organizativas e por iso inclúe tarefas a impulsar desde a Coordinadora e a Asemblea de Compostela Aberta.

>>> O segundo documento que se debateu foi unha actualización do Código Ético de 2015, vixente ata o momento, que non tiña sido modificado nen revisado aínda.

Ambos documentos foron aprobados na asemblea extraordinaria de Compostela Aberta celebrada o 5 de xuño de 2021.

# **DOCUMENTO POLÍTICO-ORGANIZATIVO**

DA PÁXINA 5 Á 21

# **CÓDIGO ÉTICO 2021**

PÁXINAS 22 E 23

## I - DA PRIMAVERA MUNICIPALISTA Á CRISE DO CORONAVIRUS

De maio de 2015, con múltiples vitorias electorais do municipalismo transformador, ate o ano da pandemia, no 2020, encontrámonos diante dun quinquenio especialmente intenso e dunha gran aceleración política. Unha etapa que non aparece da nada, que é alimentada desde o 15M e de catro anos antes, e unha traxectoria transformadora e de activismo social anterior, en Galiza e na nosa cidade. Compostela Aberta chega a gobernar Santiago só uns meses despois do seu nacemento, unha aceleración que provocou a transferencia de capital humano e esforzos da organización á institución. Un goberno que foi albo de feroces ataques mediáticos, que tivo acertos e tamén erros, mais que marcou un antes e un despois na vida política e institucional de Santiago de Compostela.

### 1. Da Praza do Obradoiro ao Pazo de Raxoi

Compostela Aberta aparece a finais do 2014 e cristaliza como proposta político-electoral xusto nos meses anteriores a maio de 2015, mes no que se celebraron as eleccións municipais. Ao igual que noutras cidades galegas e do resto do Estado, a nosa foi unha candidatura municipalista como resultado da confluencia de diversas militancias e traxectorias, de esquerda partidaria mais tamén da esquerda social e dos movementos que conformaron a pata 'cidadanista'.

Somos, polo tanto, resultado directo das ansias de mudanza cidadá cristalizadas hai agora 10 anos durante o 15M que na nosa cidade encheu de dignidade e reivindicación a compostelana Praza do Obradoiro. Un 15M que mostrou a indignación e o rexeitamento dun réxime do 78 constatando o seu esgotamento e cuestionando o pacto entre elites fundacional da actual democracia española. Un réxime do 78 que non foi capaz, nin o é actualmente, de dar respostas ás aspiracións democráticas dos pobos e da cidadanía no seu conxunto. Un réxime que na nosa cidade se traducía no cuatrienio negro do PP na alcaldía e dos seus tres alcaldes que mostraban ata que punto a corrupción podía aniñar nas institucións.

En 2015 fomos quen de canalizar todo ese descontento e indignación tanto co réxime do 78 como, e en maior medida, coa degradación política e institucional á que o Partido Popular someteu a nosa cidade. Foi Compostela Aberta quen lle fixo fronte á tentativa de Feijóo de esconder o seu trienio negro como se aquí non tivera pasado nada. Diante da inacción do PSOE e do BNG, foi unha candidatura de unidade popular a que conseguiu expulsar democraticamente ao PP e a Agustín Hernández da alcaldía da capital de Galiza. A confluencia política e dos movementos sociais e un candidato que sobresaía sobre o resto, como foi Martiño Noriega, asentaron as bases dunha vitoria electoral histórica.

Mais Compostela Aberta, e o que representa, ten unhas raíces aínda máis fondas e que nos ligan coa tradición democrática e reivindicativa das maiorías sociais galegas. Nomeadamente na expresión de dignidade colectiva que supuxo o 'Nunca Máis' e toda a mobilización por causa da catástrofe

ecolóxica do Prestige. Unha tradición que continúa viva hoxe nas loitas en defensa do territorio ou polos dereitos sociais -contra o espolio indiscriminado do noso ambiente e contra os recortes sociais- e que pode palpase sempre nas nosas prazas e rúas.

## 2. O goberno de Compostela Aberta.

Independentemente dos erros ou dos acertos que tivera o goberno de Compostela Aberta, tal vez polo que máis vai ser lembrado será pola hostilidade mediática á que se viu sometido durante os seus catro anos. Nunca antes, na nosa cidade, se dera esta converxencia de intereses entre as diferentes empresas de comunicación, con poucas máis honrosas excepcións, para abater o inimigo común que representou o goberno de Martiño Noriega. Unha virulencia que magnificaba os erros do goberno, ou inclusive os inventaba, ao tempo que agochaba os acertos e avances que existiron.

A todo o anterior uniuse unha oposición política que tamén desde o comezo decidiu aproveitar este Estado de excepción mediático ao seu favor para, sen escrúpulos, arremeter contra o goberno desde todos os ángulos. Isto aconteceu tanto desde a esquerda como desde a dereita, con diferentes formas e diferentes medidas. Só véndose lixeiramente atenuados despois de que o PSOE non conseguira substituír unha das súas actas no ano 2016.

Certo é, tamén, que cando Compostela Aberta chegou ao goberno de Santiago atopouse cunha administración pública moi degradada pola etapa anterior ao que se lle unía unha falta de renovación e modernización que xa viña da anterior etapa de Bugallo como alcalde. Foi por iso que durante o noso mandato municipal (2015-2019) tivemos que afrontar un traballo co que non se contaba e que visto con perspectiva foi dos principais, algo tan simple como normalizar política e administrativamente unha institución que estaba en estado de shock despois do mandato do PP e os seus tres alcaldes. Ademais, esta normalización non foi realizada de calquera xeito, senón que foi feita introducindo novas linguaxes, novas formas de gobernar e renovando o debate político na cidade.

Sen entrar nunha análise en profundidade, da nosa acción de goberno podemos destacar como elementos máis positivos e innovadores os seguintes: a recuperación para o público de servizos municipais como o do servizo de ORA e guindastre ou o da asesoría xurídica, os orzamentos participativos, a renda de garantía básica, as políticas dos Coidados, a campaña 'En negro, Contra as Violencias', as políticas de igualdade cristalizadas na Compostela Territorio das Mulleres, as novas referencialidades no calendario de celebracións culturais (SELIC, Festa do Banquete...), as propostas para a gobernanza do turismo ou conseguir solucionar problemas enquistados como o da música ao vivo nos locais.

Tamén como elementos positivos mais, tal vez, menos innovadores (e non por iso menos necesarios) poderíamos destacar as nosas propostas de laicidade, simbolismo e memoria histórica e de-

mocrática; a captación de fondos doutras administracións (fundamentalmente europeos e estatais); unha fiscalidade municipal máis xusta, conseguir desatascar grandes proxectos como a Intermodal, a EDAR ou o Orbital; ou outros proxectos atascados desde había anos como a Ludoteca das Fontiñas ou a construción da Casa Xohana Torres.

Tamén foi o mandato das pequenas cousas posto que, ademais de conseguir desatascar as grandes obras, tamén conseguimos levar adiante moitos proxectos e pequenas obras en barrios e parroquias que estaban esquecidos, alén de multiplicar os orzamentos para o mantemento da cidade. A isto último úneselle a abertura do Concello e as novas participacións. Nunca a Casa do Concello estivo tan aberta e foi tan transparente como durante o goberno de Compostela Aberta. Ademais elaboramos unha auditoria cidadá para coñecer as necesidades reais de barrios e parroquias e impulsamos novas formas de participar e interpelar directamente ao goberno como foron os encontros 'Ao Vivo'. Recuperamos e renovamos os Consellos Municipais de Saúde, Turismo e Relacións Veciñais e impulsamos outros novos como o Consello de Cooperación e Solidariedade e as Mesas de Coordinación para atención a persoas sen fogar.

A pesar de poder enumerar moitas políticas públicas que puideron ser novidosas tanto na práctica como no discurso, tivemos un gran handicap na falta de control da xestión interna do Concello, ao que, aínda así dedicamos moitos esforzos. Non soubemos ou non conseguimos facer reformas necesarias para o mellor funcionamento do Concello e iso provocou que as resistencias internas fosen moi fortes e non nos permitisen lanzar políticas máis transformadoras e de maior calado. Ao que se lle podería unir dúas grandes oportunidades en dous retos que ten por diante Santiago e onde non conseguimos avanzar como foi o da mobilidade ou o da xestión da auga e a resolución do seu novo contrato. Tamén, a xestión transparente e participada da rede de Centros Cívicos, a multiplicación das Bolsas de comedor e actividades complementarias, as pasarelas dos CEIPs Fontiñas e Lamas de Abade, o sendeiro das Brañas de Sar, o ascensor de Triacastela, a construción do Pavillón Multiusos de Lavacolla ou a posta en funcionamento do Centro Cívico do Romáño.

Neste sentido poderíamos destacar os diferentes problemas administrativos como a demora no pago a provedores, a ralentización de proxectos, os problemas magnificados como os dos comedores escolares, grandes bloqueos como os do prego dos autobuses, a lenta implementación da administración electrónica ou o interesado conflito coa Policía Local. Tamén tivemos conflitos ou unha xestión que podería ser mellorable nos centros cívicos, na resolución da nova EDAR ou nas licenzas urbanísticas.

Por último, cumpriría pechar este breve balance do noso goberno facendo mención a enorme e manifesta deslealdade da Xunta de Galicia co Concello de Santiago durante todo o noso mandato. Unha deslealdade que estivo sempre presente, e que estaba perfectamente deseñada desde San Caetano, resultando máis fácil a relación co goberno do PP no Estado que co propio goberno galego.

### 3. O retroceso electoral.

No balance de goberno indicamos elementos positivos e novidosos así como outros negativos da nosa acción de goberno, estes últimos magnificados e esaxerados polo Estado de excepción mediático ao que fomos sometidos. Agora vemos ao alcalde Bugallo en situacións similares ou cunha xestión peor que a de Compostela Aberta mais cunha grande diferenza, que non existe a crítica constante e destrutiva dos medios de comunicación local.

Así, os medios locais procuraron en todo momento crear un estado de opinión que nos presentara como usurpadores, algúns deles nunca respectaron o resultado das urnas, isto último unido aos boicots internos da Casa e ao deterioro do Concello como administración e xunto coa oposición da Xunta ao goberno de Santiago, algo que tamén desapareceu agora, crearon o caldo de cultivo do noso retroceso e perda do goberno e da alcaldía.

A todo o anterior, podemos sumarlle toda a inestabilidade e conflictividade interna do noso espazo político, nomeadamente todo o relativo a En Marea e a complicada relación con Podemos. Todo isto repercutiu negativamente para Compostela Aberta e ademais a non aprobación dos orzamentos do Estado en marzo do 2019, provocou a revalorización da marca PSOE e particularmente do seu candidato Pedro Sánchez como forza con maior credibilidade para ser a alternativa ao avance da nova e da vella dereita e mesmo da ultradereita.

Isto é tan así, que ata febreiro de 2019 todos os inquéritos nos daban como primeira forza e foi a partir de aí que comezamos a baixar. Por iso, resulta complicado facer un balance do retroceso electoral que non teña en conta estas causas esóxenas ás propias dinámicas de xestión do goberno de CA.

Ademais, no caso de Santiago o PSOE apareceu cunha figura coñecida pola cidadanía e sobre todo polos poderes fácticos da cidade que apostaron por Bugallo, e non por Agustín Hernández, como candidato para vencer a Martiño Noriega. Desde principios de 2019 foron moitas as mentiras que tiveron ampla cobertura mediática, tal e como foron desveladas nos primeiros meses do actual goberno. Eramos a peza a bater e fomos batidos, e non repararon en gastos e en medios para que así fose.

En conclusión, semella que a combinación do acoso mediático e da Xunta co nova onda do PSOE a nivel estatal foi máis letal para as expectativas electorais de Compostela Aberta que as posibles frustracións ou expectativas non cumpridas na acción de goberno. Os resultados electorais de Compostela Aberta no 2019 non foron nin os esperados nin os necesarios para apuntalar a nosa acción de goberno impulsora dun modelo de cidade e municipio totalmente diferente.

Sen esquecer os aspectos negativos e que o noso desgaste como goberno seguro que tamén influíu nos resultados, aínda así, e a pesar, de todo somos a única organización do espazo que ten superando o 20% na nosa cidade, o que supón un total moi por riba dos resultados de Unidas Podemos nas



Xerais ou europeas, e por suposto do resultado de En Marea ou de Galicia En Común, máis recentemente. Como mostra máis palpable de todo o anterior podemos indicar que o mesmo día 26M, ao mesmo tempo e mesmo día que 4.585 persoas (8,88%) votaban Unidas Podemos e 887 persoas (1,72%) votaban En Marea nas urnas das europeas, 10.651 persoas (20,36%) votaban Compostela Aberta nas municipais.

#### 4. Restauración, crise e reordenación.

No ano 2020 todas as perspectivas ou previsións políticas e sociais mudan radicalmente por causa da crise provocada pola covid-19. Unha crise de dimensión planetaria que nos afecta desde todos os puntos de vista, inicialmente no sanitario e dos coidados mais tamén no social, económico e ecolóxico. Ademais, a restauración de Bugallo e o paso á oposición de Compostela Aberta, que naceu como forza de goberno, combínase cun fin de ciclo político da confluencia e da unidade popular tal e como se tiña deseñado anteriormente.

Precisamente a crise do coronavirus está a ser a escusa para todo que Bugallo usa para tentar agochar a mediocridade do seu goberno. Un executivo local falto de ideas e de ganas por gobernar, que se sitúa a anos luz das propostas e modelo de Compostela Aberta. Un goberno que se move cunha ambigüidade calculada entre o acordo con CA e o acordo co PP e que acompaña dunha prepotencia nas formas e nos modos que conta cun amparo e cobertura mediática total.

A crise tamén está a supor un handicap para desenvolver unha acción política e de oposición que non fiquen restrinxida ás paredes do Pazo de Raxoi. O confinamento, as restricións e, en xeral, a actual situación de crise sanitaria non nos permitiu chegar directamente á xente nos barrios e parroquias ao tempo que condiciona o debate político na súa totalidade.

Ademais, o 2020 tamén trouxo consigo unha reordenación do espazo electoral á esquerda do PSOE no noso país. As eleccións galegas supuxeron un total fracaso do noso espazo electoral, en certa maneira lóxico se temos en conta o contexto da anterior lexislatura no Parlamento galego e a conflitividade do grupo parlamentario de En Marea. Un fracaso electoral que ademais veu precedido de situacións nas que cada vez se tornaba máis complicado o acordo entres os diferentes axentes da unidade popular.

Este panorama foi aproveitado polo BNG para gañar a confianza do electorado e suceder a En Marea como alternativa real a disputarlle a presidencia da Xunta de Galicia ao PP. Non é arriscado pensar que, desta vez, o electorado galego que acredita nunha mudanza castigou a división interna e optou pola estabilidade que mostrou o Bloque nos últimos anos. Está por ver se esta capacidade electoral fica restrinxida só a esa convocatoria electoral, e moi vinculada ao liderado da súa actual portavoz nacional, ou se vai traducirse noutro tipo de convocatorias.

## II - O FUTURO É ABERTO

A vontade e pulsión transformadora que foi motor de toda a etapa anterior mantén todo o seu potencial a pesar do momento de impasse no que nos encontramos. Chegados a este punto precisamos agora reflectir sobre o presente para marcar a nosa proposta política para o futuro. Un futuro que consideramos aberto e no que aínda existe unha demanda ampla de rexeneración democrática e un amplo espectro que a nivel local non se identifica cun PSOE conservador nin cun BNG clásico. É necesario saber e clarificar que queremos para seguidamente reartellar o noso programa político para dar resposta ás demandas das maiorías sociais de Santiago.

### 5. A Compostela que queremos máis.

Santiago de Compostela non pode ficar reducida a unha cidade escaparate para turistas tal e como nos queren vender. Baixo esa epiderme existe una sociedade civil vital que se autoorganiza nos barrios e parroquias, tamén agora en tempos de pandemia, sendo moitas veces as primeiras en reaccionar tecendo redes de solidariedade e apoio mutuo. Un tecido asociativo que se mobiliza en defensa da nosa cultura, do noso territorio e dos dereitos sociais e o emprego.

Unha Compostela que se reconece na loita feminista pola igualdade e na recuperación da nosa memoria histórica e democrática. Esa é a Compostela que queremos máis, a das Marías, a da familia Fandiño Ricart e a de tantos outros homes e mulleres que deron o mellor das súas vidas polas conquistas de dereitos, pola liberdade e pola mellora das nosas condicións materiais de vida.

A vida post-coronavirus vai evidenciar a necesidade da vida comunitaria, na nosa cidade ademais irá acompañada dun colapso do modelo Xacobeo e de explotación masiva do turismo tal e como o coñecemos hoxe. Esta previsible crise económica e social necesitará respostas contundentes e unha nova definición dun proxecto para Santiago de Compostela.

Diante desta situación de incertezas compre visibilizar unha alternativa real e realista para Compostela. Fronte ao discurso do Xacobeo do PP e o PSOE, marcar un modelo achegado á realidade, trasladando a nosa aposta por outro modelo de cidade e municipio. Reforzando os sectores produtivos e apostando pola reindustrialización, polas iniciativas empresariais inovadoras, pola economía cicular, social e de proximidade, que xera rede e investimento no territorio. E contando sempre coa necesidade de incluír o rural compostelano nesta mudanza de paradigma.

Unha construción dun discurso alternativo ao monocultivo do Xacobeo e o Turismo que deberá valorizar as iniciativas e avances do noso mandato ao tempo que ofrece unha narrativa diferenciada e ben fundamentada. Debemos tirar partido da experiencia dos catro anos no goberno e o coñecemento da institución e do conxunto do termo municipal. Aproveitar o contacto que seguimos tendo con estas redes, das que proceden, mesmo, moitas das persoas que participan en Compostela Aberta.

A Compostela que queremos máis é aquela que se posiciona contra a especulación inmobiliaria, que está a favor do acceso universal á vivenda, que busca experiencias innovadoras e que se ollan nas experiencias internacionais máis innovadoras. Somos a Compostela que quere imaxinar un futuro aberto e diferente, que quere reflotar a vida cultural, que quere promocionar e protexer o tecido sociocultural e a súa autoxestión. A Compostela que ansía ser eixo de toda a súa área metropolitana, apostando por un transporte colectivo ambicioso e sustentable ambientalmente.

## 6. A nosa proposta política.

A proximidade foi sempre a marca diferencial da acción política de Compostela Aberta, tanto desde o goberno como agora desde a oposición. Unha proximidade que non fai referencia unicamente a unha cuestión de distancia física senón que é un xeito de achegarse aos problemas do día a día da xente. Proximidade nos coidados, na participación, no urbanismo, na economía que coloca o horizonte nunha Compostela solidaria e inclusiva. Un discurso que, ademais, impregnou o resto dos discursos políticos dos nosos rivais. Hoxe podemos chegar a escoitar das bocas dos portavoces do Partido Popular que “é o tempo de investir nas persoas e non no cemento” algo que sería impensable ata hai ben pouco.

Por tanto estamos diante dunha impugnación da nosa capacidade de levar adiante a nosa proposta política máis que dunha impugnación do noso discurso. Aínda que tanto PP como PSOE tenten mimetizar o discurso o certo é que non pasan diso, de ser simples imitadores posto que se analizamos criticamente as súas actuacións vemos que se manteñen aínda no dogma neoliberal e privatizador da administración pública.

Compostela Aberta ten que deseñar unha proposta política que sexa punta de lanza contra este pensamento único que conforma a alianza entre o PP e o PSOE- os partidos creadores e conservadores do réxime do 78- para, dende o goberno ou dende a oposición, marcar unha pauta diferente e innovadora. As nosas propostas terán a súa base no compromiso cos dereitos humanos, coas liberdades individuais e colectivas, coa xustiza social, o feminismo e o ecoloxismo, como camiños para conquistar a utopía e un futuro en común que tente dar respostas globais e colectivas aos desafíos que temos por diante.

Unha proposta política que teña a súa base na sustentabilidade ambiental, social e económica que sexa garante dunha vida digna e autónoma de todas as persoas. Os eixos principais serían os seguintes:

- > Democracia participativa e Transparencia
- > Anticorrupción e antiprivilexios
- > Defensa dos servizos públicos e do ben común
- > Todos os servizos para todas as persoas

- > Xustiza social e económica
- > Feminismos e igualdade de xénero
- > Defensa do territorio
- > Ecoloxismo e loita contra a crise climática
- > Soberanía cultural
- > Dereito á educación universal
- > Economía solidaria e circular
- > Emprego e combate á precariedade
- > Gobernanza do Turismo
- > Urbanismo non especulativo
- > Equilibrio territorial
- > Saúde, lecer e deportes
- > Memoria democrática
- > Identidade e cultura galega
- > Soberanía alimentar
- > Economía circular e de proximidade
- > Republicanismo

Eixos que, con certeza, son partillados por unha grande parte do movemento reivindicativo de Santiago, co que teremos que aprender a tecer as oportunas alianzas estratéxicas para poder aplicar esta proposta política transformadora. Neste sentido, é evidente que estes movementos e redes existentes -en moitos casos enormemente escépticos coa política institucional- van continuar a manter unha dinámica demandante. Isto último, é algo que debemos acompañar no desenvolvemento da nosa proposta política, convertendo a Compostela Aberta nunha auténtica ferramenta política ao servizo deste tecido reivindicativo. A pesar dos corsés institucionais do sistema actual temos que ser unha ferramenta útil para combater a crise sanitaria, económica e social.

## 7. Recomposición e impulso necesario.

A necesidade de facer política doutro xeito continúa vixente ao igual que o estaba cando impulsamos Compostela Aberta. Un xeito diferente que non pode caer na tentación dunha praxe de cooperación tan habitual na esquerda ou no nacionalismo galego. Debemos participar dos movementos sociais, facer parte deles, acompañalos e ofrecernos como ferramenta e instrumento válido para a acción político-institucional. Mais para ser efectivos neste obxectivo debemos organizar un proceso de recomposición e impulso que nos sitúe novamente con maior capacidade para incidir nas políticas públicas en Santiago.

Co paso do tempo o deterioro do goberno do PSOE e de Bugallo será aínda máis evidente. Un goberno local que xa está a dar suficientes mostras de falta de xestión, de falta de iniciativa e de división interna. Ao tempo que se van transparentando as mentiras que sufríu Compostela Aberta no pa-

sado mandato. Cada vez é máis evidente que o alcalde Bugallo responde a un modelo de político conservador e que practica políticas conservadoras.

Ao mesmo tempo existe un relevo xeracional nas relacións de poder municipais e unha certa decadencia nos sectores máis inmobiliarias de Compostela. O capital humano de Compostela Aberta é un dos seus grandes valores, contando con persoas formadas, procedentes de diferentes campos e coñecedoras da realidade de Santiago e das súas problemáticas. Persoas recoñecidas pola veciñanza e polo tecido asociativo que acumulan diferentes experiencias que combinan perfectamente coa experiencia de goberno adquirida por Compostela Aberta.

Existe xa unha crecente sensación de que “Compostela Aberta non o fixo tan mal no goberno” unha vez que o paso do tempo vai destapando moitas das mentiras verquidas sobre nós. Unha sensación que debemos aproveitar para reilusionar ás nosas bases ao tempo que lanzamos novos liderados, femininos, que combinan experiencia de goberno e credibilidade cun discurso diferenciado e achegado aos problemas reais de veciñanza, tentando fuxir da axenda condicionada polos poderes mediáticos e fácticos de Santiago.

A recomposición de Compostela Aberta pode ofrecer o impulso necesario para Santiago con propostas de políticas públicas transformadoras e que ofrezan un discurso diferenciado con respecto das outras formacións políticas no ámbito local. Ter un grupo municipal consolidado con 10.651 votos do 2019, formado por 5 concelleiras cun novo liderado feminino fan parte da fortaleza interna.

O reto é enorme se temos en conta a enorme desafección e a desmotivación, fundamentalmente promovida pola debacle electoral dos nosos referentes galegos mais tamén pola nosa propia derrota, pola marcha de Martiño do Concello ou pola degradación e o desmantelamento do espazo de unidade popular. A todo o anterior únese a apatía e anomia social, especialmente entre a xuventude, unha desmobilización entre sectores máis afíns e grandes dificultades para conectar co rural.

## 8. Horizonte 2023

Faltan pouco máis de dous anos para as próximas eleccións locais, polo que temos por diante un tempo sen procesos electorais despois duns anos especialmente complexos ao respecto. Todo este tempo debería permitirnos tomarlle o pulso a Compostela e marcar un cronograma claro e conciso que permita dispor con suficiente antelación dunha estratexia e un mecanismo claro da construción da alternativa programática que visualice ben o proxecto que queremos para Santiago.

Un programa que debería ser elaborado, nas súas bases, por equipos de traballo que teñan a capacidade de contrastalo con organizacións da sociedade civil compostelá: asociacións mais tamén nalgún caso grupos e individuos que se considere que poden achegar puntos de vista valiosos.

Ao mesmo tempo, cómpre resolver o mecanismo de primarias e confección das listas electorais tamén con maior premura e claridade, dando exemplo coa nosa práctica e en base aos principios da honestidade, a busca de consensos alargados e a coherencia nos principios democráticos. Sen que eses dous procesos entorpezan o traballo actual do grupo municipal, ambos mecanismos deberán ser deseñados e planificados nas súas formas e tempos como primeiras tarefas a desenvolver pola coordinadora de Compostela Aberta xusto despois da finalización do proceso do Futuro Aberto.

As eleccións municipais son singulares en moitos aspectos, e a constitución das Corporacións locais tamén. Un deles é que os Gobernos locais constitúense coas persoas que conseguen acta de concelleiro ou concelleira no proceso electoral, a diferenza dos Executivos autonómicos ou Estatal, nos que a persoa designada presidente/a polo Parlamento ou o Congreso poden configurar a súa equipa con independencia de se esas persoas facían parte dalgunha lista electoral.

Isto esixe repensar o proceso de primarias desde o punto de vista da conformación de equipas con distintas capacidades que acompañen á figura do candidato e candidata, pero que poidan asumir áreas de xestión municipal no caso de que os resultados electorais así o requiran. Por iso, a incorporación de figuras independentes sinaladas pola súa actividade, coñecementos e proxección pública é un elemento fundamental de calquera lista. Esta necesidade de conformar unha equipa sólida e de confianza da persoa candidata téñ que ser compatible coa posibilidade de que calquera activista presente a súa candidatura a unhas primarias.

### III - Construír ALTERNATIVA

Despois de 6 anos de existencia, Compostela Aberta ten que decidir se continúan vixentes os vectores políticos que marcaron a súa aparición e existencia. Todo o manifestado nas dúas partes anteriores deste documento indican que esa necesidade existe, a necesidade de construír un espazo político alternativo no noso país. Un espazo político que sexa fundamentalmente transformador no social, que considere a Galiza como un suxeito político de seu, que sexa capaz de tecer redes de solidariedade e que poida artellar complicidades no resto do Estado. Un espazo que se reclame herdeiro de AGE, das mareas municipalistas, e dos numerosos movementos sociais anteriores que foron e son conciencia crítica do noso país. Mais para construír esta alternativa cómpre marcar ritmos e obxectivos realistas, saber construír ese espazo político galego para a mudanza e a transformación social. Cómpre analizar a situación na que estamos e construír Compostela Aberta como organización, definíndonos como partido e suxeito político propio, sabendo ser partido, ao mesmo tempo que integramos a pluralidade inherente ás confluencias e mantemos a horizontalidade e mecanismos de participación propios dos movementos sociais.

#### 9. O espazo na encrucillada.

Compostela Aberta é unha proposta colectiva que, desde os seus inicios en setembro de 2014, tense definido sempre como un proceso político-social de confluencia. A nosa acción política tense destacado, sempre, pola mestizaxe, a xenerosidade e a capacidade de integración de todas as sensibilidades da unidade popular. Somos un proxecto político netamente municipalista que desde o 2015 funcionou como exemplo de ferramenta útil para o impulso de políticas transformadoras na sociedade, algo que foi e é recoñecido por todos os axentes políticos da confluencia.

Sendo conscientes de que as necesidades e demandas sociais non se poden resolver, única e exclusivamente, desde o ámbito local, témonos implicado na construción de alternativas de ámbito nacional. Partindo das mesmas premisas políticas que Compostela Aberta, procuramos que estas alternativas fosen igualmente proveitosas para afrontar os desafíos que tiñamos e, aínda, temos por diante na busca da xustiza social e a defensa do ben común no noso país, en Galiza.

Por iso, a identificación de Compostela Aberta co defunto proxecto de unidade popular en Galiza aínda a pesar das cautelas e medidas que se tomaron nos últimos anos colocan a todo o noso espazo político nunha auténtica encrucillada. Os pésimos resultados tanto da coalición Galicia En Común - Anova Mareas, á cal apoiámos politicamente, como os de En Marea -así como a súa desaparición- evidenciaron unha valoración electoral moi negativa de todo o espazo a nivel nacional galego. Tanto das súas continuas liortas como da inestabilidade transmitida así como na falta de proxecto común e de unidade.

No 2015 tiñamos, politicamente, o vento a favor e sen embargo agora non podemos telo máis de cara. Naquela altura existía unha colaboración e cooperación entre os sectores máis cidadanistas, ou

persoas que proviñan dos movementos sociais e aquelas que eran militantes dos partidos políticos. Unhas confluencias que só funcionaron correctamente a nivel local e que fracasaron, estrepitosamente, na súa conformación e organización a nivel nacional galego.

A pesar de todo, como forza política transformadora non podemos renunciar a artellar unha alternativa política para o país. Ter este obxectivo non significa ter que caer en presas ou erros do pasado, cómpre primeiro impulsar as ferramentas de traballo e colaboración que permitan definir e concretizar o noso espazo político. Para isto contamos cunha rede de mareas municipalistas, herdeiras da primavera de 2015, que están a funcionar actualmente de xeito inconexo e coas que só nos coordinamos a partir de impulsos políticos mais non dun xeito estable e sistematizado. Temos problemas comúns, visións políticas coincidentes polo que non podemos continuar a traballar politicamente sen que existan canais de posta en común de propostas. Por iso debemos marcarnos como primeiro paso artellar esta rede de candidaturas, partindo dos traballos e posicionamentos conxuntos -sobre a tentativa de roubo dos remanentes municipais por parte do goberno do Estado ou contra a corrupción monárquica- para establecer un foro fixo de traballo conxunto que permita definir o espazo.

E se a falta de organización é unha grave eiva a nivel nacional aínda o é máis noutros dous planos. O primeiro no plano de capacidade de colaborar e coordinarse coas candidaturas do resto das cidades: Marea Atlántica, Marea de Vigo e Ferrol En Común. E por outra parte co resto de candidaturas da nosa contorna máis inmediata, comezando por Son de Teo, Ames Novo e Son do Val do Dubra e xa nunha visión máis alargada de área metropolitana, a Marea Cidadá de Noia, Nós-Pobra, Veciñanza de Cuntis, Rianxo En Común, Compromiso por Outes, Boiro Novo, Alternativa por Arzúa e Adiante Melide. Tanto nun plano como noutro, e tamén no plano galego, non podemos continuar coas inercias actuais.

Esta visión do municipalismo e o seu destaque como exemplo da confluencia -na que se efectivizou e harmonizou o recoñecemento de diferentes identidades políticas- non pode ser incompatible coa construción dun suxeito político galego. Un suxeito que debe ser a ferramenta válida, no noso país, para intervir politicamente no camiño cara ese horizonte compartido de transformación social global. Desde o noso marco natural temos que reforzar a loita contra o individualismo e a mercantilización da vida social e contrapor uns valores e un programa político que reforce o común, a natureza, os coidados, a igualdade e a liberdade. En definitiva, os valores do proxecto político republicano contra-hexemónico e defensor da solidariedade, da fraternidade e dunhas condicións materiais de vida digna para todas as persoas.

Mais para que o suxeito político galego realmente se poida construír é necesario que exista unha corresponsabilidade de todas as partes na súa construción e partindo desa diversidade conseguir reforzar o conxunto. Para construír o suxeito é imprescindible marcar e definir uns obxectivos comúns -entre os que ten que destacar o ambientalismo e o feminismo como piares básicos- que permitan



cooperar e recoñecer un marco nacional galego como encadramento natural, que desde a súa propia soberanía sexa capaz de procurar complicidades no ámbito estatal.

Para conseguir o anterior, cómpre retomar a esencia da unidade popular e clarificar desde o primeiro momento as alianzas e os seus termos. Se algo ten sido moi negativo para todo o noso espazo político foi a constante inestabilidade organizativa ou que non se conseguiran consolidar unhas regras claras para o relacionamento entre os diferentes axentes políticos. Unha clarificación que é igualmente necesaria a nivel local, diante da nova etapa de Compostela Aberta como organización política, nomeadamente coas organizacións políticas que teñen contribuído a construír a nosa candidatura.

Tarefa: Realizar unha rolda de encontros bilaterais, ou múltiples, coas candidaturas municipalistas coas que mantivemos un traballo conxunto no ano pasado, para organizar unha rede nacional que permita impulsar un traballo político conxunto.

Tarefa: Establecer un mecanismo de traballo conxunto coas candidaturas de unidade popular da área metropolitana ou de influencia de Santiago.

Tarefa: Propor un protocolo de relacións estables ás organizacións políticas que teñen contribuído a construír Compostela Aberta, para articular o espazo de xeito inclusivo e representativo da pluralidade do mesmo.

## 10. Coidar a organización.

Os procesos reais de transformación social requiren dunha enorme lucidez, de grandes doses de mobilización e dunha boa organización política que permita alcanzar os obxectivos que nos marquem. A falta dunha estrutura estable e ben definida sumouse ás contradicións que inevitablemente xorden no marco da acción de goberno, e iso xerou certas tensións que non sempre foron ben xestionadas ou comprendidas. A confusa existencia de militancias individuais, dobres militancias e mesmo representacións partidarias dentro da dinámica de funcionamento de CA acabou por complicar aínda máis a consolidación interna de Compostela Aberta, nun contexto no que se foron sucedendo as convocatorias de eleccións en Galicia, no Estado e en Europa.

Agora, en 2021, estamos nun escenario diferente e nunha nova etapa. Compostela Aberta é unha marca coñecida e asentada na cidade. Nas eleccións municipais de 2019, CA perdeu o goberno, pero conservou o apoio de máis de 10.000 persoas que, co seu voto, reiteraron a confianza neste proxecto.

Compostela Aberta exerceu o goberno e agora fai parte da oposición, de xeito que a organización está inserida nas dinámicas políticas institucionais coas súas ferramentas e procedementos. Res-

ponde diante dos organismos de control correspondentes, e cumpre escrupulosamente a legalidade esixida aos partidos políticos porque como tal está inscrita no rexistro do Ministerio do Interior. Esta posición asentada no aspecto legal e administrativo contrasta coa realidade organizativa de CA, nunha etapa na que se fai máis necesaria unha estrutura forte e unha acción política coordinada entre a organización e o grupo municipal para manter contacto co pulso da cidade e coñecer de primeira man as demandas e inquietudes da veciñanza.

O proceso Futuro Aberto, baseado na combinación matrices DAFO/CAME, permitiunos desenvolver unha reflexión persoal e colectiva tanto sobre o aspecto organizativo de Compostela Aberta como sobre cuestións estritamente políticas. As persoas participantes avaliaron as eivas detectadas na organización e propuxeron solucións que vimos de sintetizar, xunto coas achegas recollidas dentro da Comisión Coordinadora, na elaboración do presente documento.

As persoas que participaron no proceso Futuro Aberto coincidiron na súa diagnose sobre a situación do espazo de Compostela Aberta, sobre todo en relación a dúas características: a febleza organizativa e a falta dunha estrutura económica sólida.

No que tén que ver coa primeira das características, apúntase que unha estrutura tan laxa (ou líquida) dificulta a capacidade de organización o que combinado cun modo assembleario formal dilúe a responsabilidade do activista ao respecto de CA. Tamén se sinala que a pesares de apostar pola participación, realmente non existen canles claras para desenvolvela.

Outro elemento salientable é unha certa mitificación da participación permanente, que xorde das dinámicas do 15M e do propio proceso de constitución de CA pero que na realidade práctica é difícil de manter continuada con esa intensidade.

Pola contra, tamén se marca como un valor a potenciar a estrutura interna flexible que reflecta o espazo político diverso que é Compostela Aberta, con capacidade para atraer activistas e simpatizantes dun espectro amplo. Incídese na necesidade do fortalecemento organizativo para aumentar a capacidade de chegar aos espazos veciñais e aos colectivos sociais, artellando dinámicas de participación con distintas entidades de Santiago. Ademais, sinálase a necesidade de articular a participación en modelos axustados ás posibilidades dos e das simpatizantes, tamén no relativo á frecuencia e aos horarios, porque iso permitirá aproveitar o enorme potencial humano, técnico e profesional das persoas achegadas a Compostela Aberta.

En relación á estrutura económica, hai coincidencia na necesidade de reforzala, posto que a día de hoxe está sustentada tan só por algunhas achegas voluntarias e pola carta financeira do grupo municipal. Esta realidade condiciona a capacidade de acción de CA, polo que resulta fundamental definir un novo sistema de financiamento que permita manter a independencia que define o espazo.

O obxectivo é claro. Por primeira vez na nosa curta historia temos por diante un calendario sen outras citas electorais, un tempo que debe servir para fortalecer a organización, integrando no proceso político a axentes, activistas e referentes locais. Temos que chegar ás vindeiras eleccións no 2023 cunha estrutura forte, engraxada e funcionando, na que todos e todas coñezamos as regras, os procesos, as obrigas e os dereitos sen perder a flexibilidade e a capacidade de adaptación a unha realidade moi cambiante.

## 11. Consolidar para ampliar as bases.

A etapa de excepcionalidade na que vivimos a raíz da pandemia da Covid-19 semella que vai mudar as dinámicas sociais de participación no senso dunha menor presencialidade en xuntanzas e un maior traballo en liña. CA deberá dotarse dunha estrutura permanente de participación en liña, compatible coa presencialidade, que permita adaptarse tanto ás novas realidades sociais como ás circunstancias particulares dos órganos propios de funcionamento e das persoas que os integran. A ferramenta empregada no Proceso Futuro Aberto será a base deste traballo, debendo desenvolverse ata o máximo da súa potencialidade, non só no traballo interno senón como unha ferramenta máis de interacción coa cidadanía. Neste sentido, desenvolveremos o seguinte:

**Tarefa: Manter CA como un espazo amable e de coidados:** Como espazo humano que é CA, cómpre facer especial fincapé no coidado das persoas e das relacións. Hai que crear espazos de encontro alén das dinámicas estruturais de funcionamento, retomar actividades lúdicas amplas que permitan potenciar o enorme potencial humano, técnico e profesional de activistas e militantes.

**Tarefa: Consolidar Compostela Aberta como partido:** Aínda que a todos os efectos legais CA é un partido, mantívose a imaxe de “partido instrumental” para facilitar a suma de forzas colectivas xa establecidas xunto coas individuais. Nesta nova etapa, cómpre fortalecernos e recoñecernos como unha organización política estable e sólida, que pode traballar e colaborar con outras forzas e colectivos e con capacidade de acoller e integrar persoas con outras militancias.

**Tarefa: Desenvolver medidas para ampliar as “bases” de CA:** Deseñar e executar un proceso permanente de achega a novos espazos, dando a coñecer quen somos e procurando incorporar novos activistas e simpatizantes.

## 12. As formulas para os novos tempos.

Os novos tempos e o reforzo de Compostela Aberta como organización política, en por sí e non como partido instrumental, debe vir acompañado de revitalizar as fórmulas de participación e intervención necesarias para conseguir os nosos obxectivos políticos.

**Tarefa: Relanzar os grupos de traballo temáticos:** para poder cubrir as diversas áreas da política local, realizando programacións de traballo a medio prazo que sexan viables. Os grupos deben ter unha triple función: estar en contacto coa realidade local da súa temática, propoñer e preparar iniciativas e asesorar ao grupo municipal, servindo de canle de acceso e apertura á sociedade. Teñen que ser grupos de traballo realistas nos seus obxectivos, flexibles no seu funcionamento e coidadores nas súas dinámicas.

**Tarefa: Promover os grupos de traballo de barrio:** O artigo 18 dos Estatutos de CA sinala que os grupos de traballo de barrio serán o principal modo de asentarse organizativamente a Compostela Aberta. Estarán centrados en facilitar unha rede de inscritos e inscritas e de simpatizantes nas súas áreas de actuación; servirán de vasos comunicantes entre a veciñanza e o grupo municipal, e permitirán facer propostas sobre actuacións concretas, con carácter deliberativo, no seu barrio respectivo.

Nesta nova etapa, CA debe promover a implantación destes grupos de traballo de barrio, constituídos por un mínimo de tres persoas. No caso de non acadar ese número, a comisión coordinadora poderá nomear unha persoa "Delegada de Barrio" para que asuma as funcións do grupo de traballo ata conseguir un número suficiente de persoas que o viabilice.

**Tarefa: Creación dunha estrutura de autofinanciamento:** Unha das preocupacións fundamentais de CA no seu funcionamento é manter a independencia. O elemento básico para acadala é a capacidade de autofinanciamento. O sistema de achegas voluntarias co que Compostela Aberta ven funcionando até o de agora tense demostrado insuficiente. Por iso, propónse o establecemento dunha cota mínima obrigatoria de 5 euros mensuais, agás se acredite a escaseza de recursos.

**Tarefa: Reorganizar as asembleas:** Os estatutos de Compostela Aberta nos seus artigos 8 e 12 distinguen entre as figuras de afiliado/a e simpatizante, outorgándolles aos primeiros unha serie de dereitos, como o de ser electores e electoras para os órganos de goberno de CA, e obrigas, coma a de pagar a cota que no seu momento se determine. Mentres, aos e ás simpatizantes permítelles participar nas xuntanzas nas que foran convocados, mais non poden ser electores/as ou electoras.

Esta realidade débese reflectir nos órganos de funcionamento interno de CA, nomeadamente nas Asembleas Xerais. Estas seguirán sendo abertas, tendo voz calquera persoa que se achegue, mais para poder votar débese acreditar a condición de persoa activista. A apertura e transversalidade debe compatibilizarse coa organización eficiente das tomas de decisión e a súa lexitimidade.



**Tarefa:** Desenvolver un novo regulamento de primarias: Abandonando os procesos competitivos e depredadores e explorar mecanismos que fomenten o consenso e a construción de equipas como xa ten acontecido noutras candidaturas irmás.

**Tarefa:** Planificar a construción dun novo programa de goberno para 2023: a través dun modelo participativo e participado por todo o tecido social e cidadanía en xeral e que poida ser presentado e contrastado no 1º trimestre do 2023.

En CA entendemos a actividade política institucional como o exercicio dunha representatividade real recibida directamente da sociedade mediante os resultados electorais. Esta representatividade obriga a manter uns compromisos éticos, políticos e organizativos firmes, claros, públicos e verificables. O presente documento recolle a actualización do Código Ético de CA. Será a guía de funcionamento tanto do partido como da representación institucional contemplando os seguintes compromisos éticos:

### 1. REPRESENTACIÓN POLÍTICA E PARTICIPACIÓN

- Renderanse contas das actuacións realizadas ante a cidadanía, mediante instrumentos presenciais e virtuais, asemblearios, democráticos e abertos a todas as persoas de ámbito sectorial ou de zona (cidade, barrio ou distrito). A información presentarse sempre nun formato aberto que permita traballar cos datos.
- Procurar a participación da cidadanía na toma de decisións relevantes e no posicionamento político da candidatura sobre temas estratéxicos e proxectos de impacto social, ambiental ou urbanístico na cidade, distritos ou barrios, tendo en conta os principios de subsidiariedade e solidariedade.
- Crear ou desenvolver, no seu caso, estruturas de participación e representación política, estables e periódicas, da cidadanía no marco dos diferentes ámbitos ou áreas de goberno.
- Defender o establecido no programa político aprobado en Asemblea e actuar como representantes coa obriga de seguir as decisións tomadas nos organismos e mecanismos de participación establecidos.
- Aceptar a censura (e revogación, no seu caso) de concelleiros e concelleiras e cargos de libre designación por mala xestión ou por incumprimento flagrante e non xustificado do programa. Para que isto sexa posible, estableceranse mecanismos de garantía e avaliación da xestión das persoas con cargos públicos da candidatura.
- Compromiso de renuncia ou cesamento de forma inmediata de todos os cargos, ante a imputación pola xudicatura de delitos relacionados con corrupción, prevaricación con ánimo de lucro, tráfico de influencias, enriquecemento inxusto con recursos públicos ou privados, suborno, malversación e apropiación de fondos públicos, ben sexa por interese propio ou para favorecer a terceiras persoas. Así como tamén en casos de acusación xudicial por delitos de racismo, xenofobia, violencia de xénero, homofobia ou outros delitos contra os DD. HH. os dereitos das persoas traballadoras e delitos ambientais e por maltrato animal.
- Como norma xeral, só se pode exercer cargo público durante un máximo de dous mandatos. A ampliación excepcional deste periodo deberá ser aprobada en Asemblea Xeral.
- Desenvolveranse mecanismos para a conciliación entre a vida persoal e o activismo político partidario e institucional.

## 2. TRANSPARENCIA

- Os cargos electos Compostela Aberta farán públicas as súas declaracións de bens, renda e, no seu caso, de patrimonio tanto no momento de acceder ao cargo como no de abandonalo.
- Deberán facerse públicas as retribucións vinculadas ao cargo, salarios, dietas e indemnizacións por asistencia a órganos.
- No caso de persoal de libre designación e persoal administrativo faranse públicos os criterios de contratación, o cumprimento dos méritos requiridos e o salario que lle corresponde pola realización das tarefas.
- Facer públicas as axendas das persoas representantes. Faranse públicas tamén as ordes do día e as actas das reunións agás nos casos que a lei o impida ou que a súa divulgación afecte a dereitos individuais das persoas.
- Non acceder durante un período mínimo de 3 anos a cargos de responsabilidade en empresas que fosen beneficiarias dun contrato municipal, dentro do ámbito e/ou sector onde desenvolveu a súa función representativa, agás nos casos en que proveña dese mesmo sector previamente ao desempeño do cargo público.

## 3. RETRIBUCIÓN

- Os cargos públicos de Compostela Aberta con dedicación exclusiva terán unha retribución máxima de 3,5 salarios mínimos interprofesionais netos en 14 pagas para os cargos con dedicación exclusiva. A devandita cantidade inclúe todas as retribucións xeradas nas actividades propias do cargo.
- Deberán doar o 10% dos ingresos netos á organización.
- Comprométense a renunciar aos agasallos e privilexios que se lles poidan ofrecer pola súa condición e que poidan significar un trato de favor.
- Non duplicarán cargos nas institucións, agás aqueles vinculados á súa condición de concelleiro/a.
- Non duplicarán soldos nin cobrarán remuneracións extras para asistir a reunións, agás no caso de non ter dedicación exclusiva.
- Os cargos electos sen dedicación exclusiva, percibirán as retribucións aprobadas polo Pleno Municipal.

# FUTURO ABERTO

**DEBATE  
REFLEXIÓN  
PARTICIPACIÓN**

PROCESO ASEMBLEAR COLECTIVO  
OUTONO 2020 - PRIMAVERA 2021

